



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARBALLO

*Aprobación definitiva de modificación da Ordenanza PPCNT ciclo auga*

### ANUNCIO

**Ordenanza reguladora das prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias do Ciclo Integral da Auga. Modificación. Aprobación definitiva**

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada en data 28/09/2020, adoptou, entre outros, o acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza reguladora das prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias do Ciclo Integral da Auga do Concello de Carballo.

Exposta ao público polo prazo previsto no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, segundo anuncio no B.O.P n.º 170, do martes 13 de outubro do 2020, sen que conste que se teñan presentado alegacións, procede a publicación da súa aprobación definitiva, a efectos da súa entrada en vigor unha vez transcorrido o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, xunto co texto íntegro da modificación operada, que é o seguinte:

#### a) Modificación do art. 5.1.-Novo cadro de tarifas:

DOMÉSTICO		ABASTECIMENTO	SANEAMENTO	DEPURACIÓN	TOTAL
FIXO / €/trimestre		3,42 €	1,71 €	2,68 €	7,81 €
BLOQUE 1	0 ≤ C <18 m <sup>3</sup> /trimestre	0,301 €/m <sup>3</sup>	0,0976 €/m <sup>3</sup>	0,1871 €/m <sup>3</sup>	0,5857 €/m <sup>3</sup>
BLOQUE 2	18 ≤ C <36 m <sup>3</sup> /trimestre	0,3254 €/m <sup>3</sup>	0,179 €/m <sup>3</sup>	0,358 €/m <sup>3</sup>	0,8624 €/m <sup>3</sup>
BLOQUE 3	36 ≤ C <60 m <sup>3</sup> /trimestre	0,3905 €/m <sup>3</sup>	0,2197 €/m <sup>3</sup>	0,4312 €/m <sup>3</sup>	1,0414 €/m <sup>3</sup>
BLOQUE 4	60 ≤ C <90 m <sup>3</sup> /trimestre	0,5288 €/m <sup>3</sup>	0,2278 €/m <sup>3</sup>	0,4638 €/m <sup>3</sup>	1,2204 €/m <sup>3</sup>
BLOQUE 5	C ≥ 90 m <sup>3</sup> /trimestre	0,5695 €/m <sup>3</sup>	0,3254 €/m <sup>3</sup>	0,6509 €/m <sup>3</sup>	1,5458 €/m <sup>3</sup>
NON DOMÉSTICO		ABASTECIMENTO	SANEAMENTO	DEPURACIÓN	TOTAL
FIXO / €/trimestre		3,91 €	1,87 €	3,17 €	8,95 €
BLOQUE 1	0 ≤ C <18 m <sup>3</sup> /trimestre	0,3498 €/m <sup>3</sup>	0,1546 €/m <sup>3</sup>	0,3092 €/m <sup>3</sup>	0,8136 €/m <sup>3</sup>
BLOQUE 2	18 ≤ C <36 m <sup>3</sup> /trimestre	0,3905 €/m <sup>3</sup>	0,2766 €/m <sup>3</sup>	0,537 €/m <sup>3</sup>	1,2041 €/m <sup>3</sup>
BLOQUE 3	36 ≤ C <60 m <sup>3</sup> /trimestre	0,4068 €/m <sup>3</sup>	0,3254 €/m <sup>3</sup>	0,6509 €/m <sup>3</sup>	1,3831 €/m <sup>3</sup>
BLOQUE 4	60 ≤ C <90 m <sup>3</sup> /trimestre	0,5532 €/m <sup>3</sup>	0,4068 €/m <sup>3</sup>	0,8136 €/m <sup>3</sup>	1,7736 €/m <sup>3</sup>
BLOQUE 5	C ≥ 90 m <sup>3</sup> /trimestre	0,7322 €/m <sup>3</sup>	0,4882 €/m <sup>3</sup>	0,9763 €/m <sup>3</sup>	2,1967 €/m <sup>3</sup>

#### b) Modificación do art. 5.4.-Dase nova redacción ao apartado 4:

<<4.-Para a execución de proxectos de enganche e prolongacións da rede existente, utilizarase o cadro de prezos unitarios que figura na "Base de prezos oficiais da construción de Galicia" do Instituto Tecnolóxico de Galicia, vixente en cadanseu momento, reducidos nun 20%, consonte á cláusula 32.1 do prego de cláusulas administrativas particulares do servizo, e actualizado nun 1,7% (aplicación dun coeficiente 1,017) tras da revisión de prezos operada no ano 2020. Os ditos prezos poderán ser actualizados ou complementados por acordo do Pleno do Concello, establecendo prezos específicos que se incorporarán como Anexo á presente Ordenanza. No caso de que, para un suposto concreto, non existira prezo de referencia na dita base de prezos, poderá utilizarse outro método, previo informe do técnico municipal competente, para establecer o prezo de mercado do concreto elemento non previsto, que se reducirá do mesmo xeito ao previsto con anterioridade, coa súa actualización nas sucesivas revisións do prezo do contrato.>>

Carballo, 2 de decembro do 2020.

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez